

## A poesía de Celso Emilio Ferreiro

**Pere Gimferrer**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

GIMFERRER, PERE (2011 [1989]). “A poesía de Celso Emilio Ferreiro”. *Dorna*: 15, 61-62. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/575>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

GIMFERRER, PERE (1989). “A poesía de Celso Emilio Ferreiro”. *Dorna*: 15, 61-62.

\* Edición dispoñíbel desde o 30 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.



máis directa daquela escola, é unha circunstancia totalmente irrelavante ante a indiscutible personalidade creadora de Ferreiro, quen –como todo verdadeiro poeta, social ou non– transcende en moito as lindes e anula os perigos da corrente que en parte o inspira, do mesmo modo que neles atopan o seu castigo os mediocres.

Algún poema excesivamente discursivo, próximo á simple arenga ou declaración programática, haberá que cargalo na conta dunha época literaria e, sobre todo, das circunstancias políticas e sociais que a determinaron. Así, "Credo", "Aire puro", "Esperanza" ou "Os honorábeles" son poemas que como tódolos da liña na que se adscriben, van perdendo axiña vixencia a medida que os mesmos evolucionan cara a formas máis sutiles de expresa-lo que nelas se nos di.

Pero a personalidade artística de Ferreiro non se debe buscar en tales composicións, aínda que elas illustren coa mesma coherencia cás outras as súas constantes éticas. Tanto como estas, define a Fe-



*Celso Emilio Ferreiro nos anos 60.*

reiro o vigor expresivo e a precisión e riqueza das imaxes. Non hai na súa poesía, como observaba Losada no prólogo, aquela melancolía difusa e adozada que se adoita asociar topicamente ó galaico; iso non impide que a poesía de Ferreiro posúa a miúdo unha lene emoción nostálgica, sempre contida, ben sexa en poemas máis directamente testemuñais –"Soldado"–, ben noutros de acento lírico "Pranto por Carles Riba", "A sombra", "Cantiga de amigo para Joan Miró", "Romance pesimista de fin de ano" (que glosa fermosamente un coñecido motivo de Villon), "O arbre", "O hórreo"... Nin cando o poema ten unha intervención máis predominantemente reivindicadora, a poesía de Ferreiro descende, nunca excesivamente, de ton (o que non se podería dicir de moitos que poetizaron en castelán desde estas premisas), gracias á súa sarcástica vea expresiva –que me lembrou en ocasións a Espriu–, o rigoroso cálculo interno que equilibra cada poema e o admirable sentido da imaxe poética. Esta é a miúdo de raíz irracionalista e surreal –a influencia de Neruda non foi inoperante: véxase, como mostra máis significativa, o fermoso poema "Louvanzas dos canteiros"– e mesmo claramente emparentada con algúns efémeros movementos dos anos vinte, tan importantes para a evolución experimental da imaxe poética. Nembargantes, Losada estaba no certo ó observar que a imaxe en Ferreiro é sempre funcional: a súa multiplicidade e audacia non extravía ó lector nun arabesco: lonxe de facernos perder de vista o conxunto de cada composición tende a poñelo máis de relevo.

*Longa noite de pedra*, á parte da significación capital que tivo na literatura galega contemporánea, é o libro importante dun poeta vigoroso, maduro e persoal. Non queda senón agardar que a súa difusión fóra de Galicia aumente este ano adicado a C. E. Ferreiro o auditorio que a calidade do poemario xa mereceu no seu día.